

Conta atrás para a Quinta Edición da Carreira e Andaina Solidarias pola Esclerose Múltiple

15 Mai 2019



- Organizada e promovida pola Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM), terá lugar o próximo 9 de xuño (domingo) en Santiago de Compostela.
- Na mesma poderán participar atletas federados e non federados, correndo a cargo de Galitiming o control técnico da mesma.
- O custo de inscrición ascende a 6 euros e o prazo estará aberto ata o 5 de xuño, se se realiza presencialmente na sede de ACEM, ou ben ata o 6 de xuño, se se opta pola vía online.
- Unha coidada organización velará polo correcto desenvolvemento do evento, que contará con todos os servizos necesarios.

Cerceda, a 15 de maio de 2019.- O próximo 9 de xuño terá lugar, na capital de Galicia, a V Carreira e Andaina Solidarias pola Esclerose Múltiple, unha iniciativa promovida pola Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM) e a través da cal preténdese dar visibilidade a unha enfermidade imprevisible e incerta, con diferente evolución entre os que a padecen, e que en ocasións require dunha total implicación das familias para que os enfermos poidan levar unha vida comfortable e digna dentro das súas limitacións.

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN

Nesta cita deportiva e solidaria poderán participar atletas federados e non federados, correndo a cargo de Galitiming o control técnico da mesma. Alí terán cabida distintas categorías (Pitufos, Escolares A, Escolares B, Escolares C, Absoluta e Andaina) establecéndose para cada unha delas diferentes distancias e tempos.

O lugar de saída e meta da proba terá lugar no estanque da Residencia Universitaria (Avenida de Antonio Raimundo Ibáñez), desenvolvéndose o seu percorrido ao longo da propia Alameda e Residencia.

O custo da inscrición é de 6 euros e o prazo para facela efectiva estará aberto ata as 14:00 horas do día 5 de xuño, se se opta por materializala presencialmente na sede de ACEM (Rúa Queixume dous Piñeiros, s/n, Salgueiriños, Santiago de Compostela), ou ben ata o 6 de xuño, se se prefire a vía online a través da web <http://polaesclerose.galitiming.com> [1]

A retirada previa de dorsais poderá realizarse en Decathlon Santiago o sábado 8 de xuño (de 11:00 a

14:00 e de 16:00 a 20:00, nas súas tendas de Rúa de Polonia, 2 ou Polígono de Costa Vella) ou ben o propio día da carreira no lugar de saída (Estanque da Residencia), desde as 09:45 ata 30 minutos antes do comezo de cada unha das probas e andaina.

Haberá premios individuais e por grupos, e a carreira absoluta será controlada a través dun chip retornable que se entregará a cada corredor e que deberá ser colocado na zapatilla, debendo proceder á súa entrega unha vez finalizada.

Unha coidada organización velará polo correcto desenvolvemento do evento, que contará con todos os servizos necesarios: ambulancia, médico, vehículos de sinalización e escoba, ademais de duchas e garda-roupa, dotando avituallamento ao final das carreiras e a andaina. A proba contará tamén cun seguro de Responsabilidade Civil e un Seguro de Accidentes Deportivos para todos os participantes.

FE E COLABORACIÓN

Ademais dunha cita co deporte e a vida saudable, a carreira do próximo 9 de xuño é unha cita coa solidariedade e a empatía cara a unha enfermidade, a esclerose múltiple, que aínda que a día de hoxe non ten cura, si concentra unha gran fe en alcanzala. Unha fe que se agranda coa axuda e colaboración de todos.

Desde a Sociedade Galega do Medio Ambiente, todo o noso apoio.

Saúdos, Departamento de Comunicación



Source URL: <http://www.sogama.gal/gl/noticia/conta-atr%C3%A1s-para-quinta-edici%C3%B3n-da-carreira-e-andaina-solidarias-pola-esclerose-m%C3%BAltip>

Ligazóns

[1] <http://polaesclerose.galitiming.com/>